

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 20 DE FEBREIRO DE 2024**

### **PRESIDENTE:**

O alcalde, D. Óscar Alfonso García Patiño

### **ASISTENTES:**

D. Juan González Leirós  
D. Diego Alcantarilla Rei  
D.<sup>a</sup> María Dolores Pan Lesta  
D.<sup>a</sup> María Mercedes Prieto Lamas  
D. Daniel Mallo Castro  
D.<sup>a</sup> Patricia María Parceró Quiñoy  
D. David López Saborido

### **INTERVENTORA MUNICIPAL:**

D.<sup>a</sup> Lucía Mata Rodríguez

### **SECRETARIA XERAL:**

D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas do día vinte de febreiro de dous mil vinte e catro, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Óscar Alfonso García Patiño, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Juan González Leirós, D. Diego Alcantarilla Rei, D.<sup>a</sup> María Dolores Pan Lesta, D.<sup>a</sup> María Mercedes Prieto Lamas, D. Daniel Mallo Castro, D.<sup>a</sup> Patricia María Parceró Quiñoy e D. David López Saborido.

Asiste á sesión a interventora municipal, D.<sup>a</sup> Lucía Mata Rodríguez, e actúa como secretaria xeral, D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

## **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 14 DE FEBREIRO DE 2024**

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 14 de febreiro de 2024, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 14 de febreiro de 2024.

## **2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA**

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes da excma. Deputación provincial da Coruña, resolución pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa FO106: convocatoria do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para financiar gastos de persoal técnico nos servizos municipais de deporte en 2024. BOP núm. 34, de 16-02-2023.

- Axencia Galega das Industrias Culturais, Resolución de 2 de febreiro de 2024, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para o programa Cultura no Camiño, de cara ao fomento das artes escénicas e musicais nos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia polo que discorren os diferentes Camiños de Santiago, e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento CT302B). DOG núm. 35, de 19-02-2024.

- Xefatura do Estado, reforma do artigo 49 da Constitución Española, de 15 de febreiro de 2024. BOE núm. 43, de 17-02-2024.

- Secretaría do Goberno Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, nomeamento xuíza de paz substituta de Cambre. BOP núm. 36, de 20-02-2024.

### **3.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLOS CONCELLEIROS DELEGADOS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións da Alcaldía e concellerías delegadas de área, que comezan coa resolución de Alcaldía núm. 139/2024, de data 9 de febreiro, e rematan coa resolución de Alcaldía núm. 174/2024, de data 15 de febreiro, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
139/2024	09-02-2024	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 14 de febreiro de 2024
140/2024	08-02-2024	Expedientes sancionadores de tráfico
141/2024	08-02-2024	Aprobar o expediente de xeración de crédito número 2/2024 por importe de 375.180,03 euros, correspondentes á anualidade 2024
142/2024	08-02-2024	Iniciar os trámites para a imposición de multas coercitivas a MdelCPD e JCLP, con periodicidade mínima mensual e por un importe, cada vez, de 1000,00 €, ata o íntegro cumprimento da resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras do día 21 de abril de 2022, ao non ter demolido os obrigados a soleira de formigón sobre a que estaba situada a edificación ilegal existente finca sita na rúa Castelao, O Temple dentro do prazo concedido ao efecto, de acordo co disposto polos artigos 152.6 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro de 2016, do solo de Galicia
143/2024	08-02-2024	Declarar a desistencia de FJRG da solicitude de licenza para instalación de terraza fronte ao café-bar situado na rúa Francisco Rodríguez, durante o mes de decembro de 2023 e durante o ano 2024, de conformidade cos artigos 21 e 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Declarar concluso o procedemento instruído e arquivar o expediente correspondente
144/2024	08-02-2024	Dar de baixa no servizo de axuda no fogar a PVB. Motivo da baixa: Traslado definitivo de residencia a outro concello. A data de baixa é: 12/01/2024.
145/2024	09-02-2024	Considerar desistida a AMRB da solicitude no servizo de axuda no fogar solicitada con data 19/11/2020, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento e a súa baixa da listaxe de agarda

		do servizo de axuda no fogar municipal
146/2024	09-02-2024	Considerar desistida a DDG da solicitude no servizo de axuda no fogar solicitada con data 10/07/2020 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento e a súa baixa da listaxe de agarda do servizo de axuda no fogar municipal
147/2024	09-02-2024	Considerar desistida a AEC da solicitude no servizo de axuda no fogar solicitada con data 04/01/2019, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento e a súa baixa da listaxe de agarda do servizo de axuda no fogar municipal
148/2024	09-02-2024	Considerar desistida a JAPL da solicitude no servizo de axuda no fogar solicitada con data 20/08/2021 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento e a súa baixa da listaxe de agarda do servizo de axuda no fogar municipal
149/2024	09-02-2024	Considerar desistido a FPS da solicitude da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade solicitada con data 28 de outubro de 2023, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
150/2024	09-02-2024	Considerar desistida a DTR da solicitude da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade, solicitada con data 8 de novembro de 2023, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
151/2024	09-02-2024	Considerar desistido a LABP da solicitude da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade, solicitada con data 13 de novembro de 2023, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
152/2024	09-02-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da ordenanza, solicitada o 18/12/2023, xa que segundo o disposto na disposición final segunda da ordenanza reguladora, a unidade familiar beneficiaria esgotou a cantidade máxima a percibir en 12 meses en axudas de emerxencia social municipal. Solicitante: MEG
153/2024	09-02-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para a atención de gastos derivados da vivenda habitual establecida no artigo 7 da ordenanza para o pago de recibo de auga, solicitada con data 24/10/2023, por achegarse a documentación imprescindible para a resolución do expediente posteriormente á data límite de pagamento do recibo. Solicitante: MEG
154/2024	09-02-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da ordenanza, solicitada o 02/02/2024 xa que segundo o disposto no artigo 22.1 non cumpre os requisitos esixidos no artigo 2 da ordenanza reguladora, dado que o límite de ingresos da unidade de convivencia é superior ao establecido. Solicitante: DJL
155/2024	09-02-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora, que serán entregados no departamento de servizos sociais por orde da coordinadora de servizos sociais e o técnico profesional de referencia responsable do seu expediente, unha vez comprobado que a beneficiaria continúa cumprindo os requisitos establecidos no artigo 2 de dita ordenanza. Solicitante LDFGB
156/2024	09-02-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da ordenanza, solicitada o 5/02/2024, xa que segundo o disposto no artigo 22.1 da ordenanza reguladora non cumpre os requisitos esixidos no artigo 2, dado que o límite de ingresos da unidade de convivencia é superior ao establecido. Solicitante: JMLM
157/2024	09-02-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da ordenanza, solicitada o 18/1/2024 xa que segundo o disposto no artigo 22.4 da ordenanza reguladora, non está debidamente xustificada a situación de necesidade. Solicitante: RFE
158/2024	09-02-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da ordenanza, solicitada o 22/12/2023 xa que segundo o disposto na disposición final segunda da ordenanza reguladora, a unidade familiar beneficiaria esgotou a cantidade máxima a percibir en 12 meses en axudas de emerxencia social municipal. Solicitante: ND,A
159/2024	08-02-2024	Designar aos catro axentes da policía local (JFRR, VMB, MJLE e JRFP) para que colaboren na cobertura dos colexios electorais, durante toda a xornada electoral do día 18 de febreiro de 2024
160/2024	09-02-2024	Suspender inmediatamente os actos que están a realizar os herdeiros de LFP na finca sita na rúa Balado, Cambre, consistentes na construción dunha vivenda sen título habilitante, de acordo co artigo 152 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia. Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística co obxecto de determinar a compatibilidade das obras e o uso proxectado co ordenamento urbanístico vixente
161/2024	09-02-2024	Considerar desistida a MEPG da solicitude no servizo de axuda no fogar solicitada con data 27/01/2021, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento e a súa baixa da listaxe de agarda do servizo de axuda no fogar municipal
162/2024	09-02-2024	Considerar desistido a MGC da solicitude no servizo de axuda no fogar solicitada con data 25/03/2021 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento e a súa baixa da listaxe de agarda do servizo de axuda no fogar municipal
163/2024	09-02-2024	Considerar desistida a MCGR da solicitude no servizo de axuda no fogar solicitada con data 03/06/2021 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo

		tanto, o arquivo do procedemento e a súa baixa da listaxe de agarda do servizo de axuda no fogar municipal
164/2024	09-02-2024	Considerar desistida a PCS da solicitude no servizo de axuda no fogar solicitada con data 01/07/2021 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento e a súa baixa da listaxe de agarda do servizo de axuda no fogar municipal
165/2024	09-02-2024	Aceptar as bases da convocatoria da subvención a entidades locais de Galicia para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas públicas e/ou axencias de lectura de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, e os compromisos que nela se inclúen, segundo o disposto na Orde do 18 de decembro de 2023, da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (DOG núm. 10, do 15 de xaneiro de 2024). e solicitar a subvención á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades
166/2024	09-02-2024	Aceptar as bases reguladoras das axudas a entidades locais de Galicia titulares de bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, establecidas na Orde do 26 de decembro de 2023 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e solicitar á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia unha subvención para os seguintes programas: - Programa A. Subvencións para a dotación de novidades editoriais en galego e en formato físico -e Programa B. Subvencións para a mellora das colección bibliográficas
167/2024	12-02-2024	Comparecer no procedemento interposición de recurso contencioso administrativo de FMFM contra a resolución núm. 1615/2023, ditada polo concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Servizos o día 4 de outubro de 2023 perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 da Coruña, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da Excm. Deputación Provincial
168/2024	12-02-2024	Comparecer no procedemento interposición de recurso contencioso administrativo de MFM contra a resolución núm. 1613/2023 ditada polo concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Servizos do día 4 de outubro de 2023 perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo número 4 da Coruña, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da Excm. Deputación Provincial
169/2024	12-02-2024	Aprobar a Oferta de Emprego Público do Concello de Cambre para o ano 2023 constituída polas seguintes prazas: Policía local 1 e Axente de protección civil 1
170/2024	14-02-2024	Desestimar as alegacións presentadas por LMCG e MRP. Ordenar que reparen o muro de contención de pedra existente na finca sita en Eira de Arriba, Cambre, que se derrubou cara o camiño municipal en vista do perigo de que o mesmo sega derrubándose, de acordo co disposto polos artigos 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro

		do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente esixibles, correspondendo ao concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados
171/2024	14-02-2024	Autorizar e dispoñer o gasto no expediente de contrato menor cuxo obxecto do contrato é o servizo de limpeza nos colexios electorais que son centros de ensinanza para as próximas eleccións autonómicas a celebrar o vindeiro 18.02.2024, por importe de 361,69 euros
172/2024	15-02-2024	Expedientes sancionadores de tráfico
173/2024	15-02-2024	Solicitar a subvención para a contratación dun técnico/a de orientación laboral do Servizo Público de Emprego de Galicia (S.P.E.G.), ao abeiro do disposto na Orde do 22 de decembro de 2023 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia (DOG nº 13 do 18/01/2024) pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio de 2024, coa finalidade de mellorar as posibilidades de ocupación dos demandantes de emprego inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia
174/2024	15-02-2024	Corrixir o erro detectado no apartado segundo da parte resolutiva da Resolución do concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Local, Deportes, Xuventude e Educación número 30/2024, do 5 de febreiro, e excluír da relación de solicitudes admitidas para a segunda quenda (do 2 ao 5 de xaneiro de 2024) á solicitante IVH, ao non ter solicitado a súa inclusión na dita quenda.

#### **4.- ASUNTOS SOBREVIDOS**

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal, manifesta que desexa someter á consideración da Xunta de Goberno Local o seguinte asunto:

- Proposta relativa á adxudicación do contrato baseado para a contratación do seguro de accidentes para o persoal do Concello de Cambre e membros da Corporación Municipal. Expediente número 2024/C006/000001

A Sra Pan Lesta intervén e manifesta que a urxencia do asunto vén motivada dado que o contrato de seguro de accidentes rematou o día 31 de xaneiro de 2024.

A continuación a Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia do asunto anteriormente citado e é aprobada por unanimidade.

#### **4.1. PROPOSTA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO BASEADO PARA A CONTRATACIÓN DO SEGURO DE ACCIDENTES PARA O PERSOAL DO CONCELLO DE CAMBRE E MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL. EXPEDIENTE NÚMERO 2024/C006/000001**

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior de data 19 de febreiro de 2024 (CVD: 0LO96l6jvSkwa1p0StNr), que transcrita di:

#### **“PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN**

<b>N ° DE EXPEDIENTE:</b>	2024/000112 (Plataforma FEMP) – 2024/C006/000001 (TEDeC)
<b>Título:</b>	Seguro colectivo de accidentes para o persoal do Concello de Cambre e membros da Corporación municipal
<b>Tipo de contrato:</b>	Contrato baseado no acordo marco para a contratación de determinados contratos de seguros pola Central de Contratación da FEMP - Lote 8

#### **ANTECEDENTES**

1. Por Resolución de Alcaldía número 1950/2018, de data 1 de outubro, o Concello de Cambre atópase adherido á Central de Contratación da FEMP, que se constitúe como un sistema de racionalización da contratación ao servizo das súas entidades locais asociadas.
2. Tralo acordo de adxudicación adoptado pola Xunta de Goberno Local con data 2 de marzo de 2022 e formalizado o 3 de marzo de 2022, está en vigor o contrato baseado de mediación de riscos e seguros, ao abeiro do acordo marco de mediación de riscos e seguros da Central de Contratación da FEMP, formalizado o 3 de marzo de 2020.
3. A FEMP, a través da súa Central de Contratación, ten licitado en beneficio dos seus asociados o acordo marco para a contratación de determinados contratos de seguros, dividido en lotes por tipoloxía de entidade local e ramo de seguros, con base en pregos de cláusulas administrativas particulares (PCAP) e os pregos de prescricións técnicas (PPT) resultando adxudicatarias **para o Lote 8** as seguintes empresas:

<b>LOTES</b>	<b>Adxudicatarios</b>
LOTE 8. Seguro colectivo de accidentes	AIG EUROPE SA SUCURSAL EN ESPAÑA
	MARKEL INSURANCE SE SUCURSAL EN ESPAÑA

4. O acordo marco adxudicouse en todos os seus lotes con data 11 de febreiro de 2021, téndose formalizado o acordo marco o 12 de marzo de 2021.

Na dita licitación, a FEMP observou os requisitos e procedementos esixibles á contratación das Administracións Públicas, seguindo polo tanto a LCSP.

O dito acordo marco ten unha vixencia que varía en función dos lotes, sendo a do Lote 8 “Seguro colectivo de accidentes” de 2 anos, que poderá ser obxecto de prórrogas anuais (de 12 meses, cada unha) sucesivas, por

mutuo acordo, antes da súa finalización. Non obstante, a duración da última prórroga anual poderá ser reducida por acordo entre ambas partes ata un máximo de seis meses.

A duración total do acordo marco, incluídas as prórrogas, non poderá exceder de 48 meses (4 anos), de conformidade co disposto no artigo 219.2 da LCSP.

O prazo de vixencia do acordo marco delimita o prazo no que poderán adxudicarse os contratos baseados nel. Non obstante, a duración dos contratos baseados poderá exceder a do acordo marco, coas limitacións previstas no PCA.

Só poderán adxudicarse contratos baseados nun acordo marco durante a vixencia deste último. A data relevante para entender que se cumpriu este requisito será a do envío do documento de invitación por parte da entidade local, ou se nas sucesivas prórrogas do acordo marco soamente resultase un adxudicatario de cada Lote, será directamente a data da adxudicación do contrato baseado.

Durante este período, as entidades locais adheridas deberán contratar os seguros cunha das empresas adxudicatarias do presente acordo marco e nas condicións que se fixan no PCA e no PPT.

- Con base no citado acordo marco, o Concello de Cambre pode subscribir o correspondente contrato baseado cunha das empresas adxudicatarias do acordo marco (lote 8), cuxo obxecto comprenderá a prestación do seguro de accidentes do persoal do Concello de Cambre e membros da Corporación Municipal nas condicións que se fixan o PCA e no PPT.
- Con data 31 de xaneiro de 2024, conforme co establecido na cláusula 21 do PCA, remitiuse documento de invitación ás dúas empresas adxudicatarias do Lote 8, dándose un prazo de 5 días naturais para que as empresas presentaran as súas ofertas a través da plataforma informática da Central de Contratación, estando os criterios de adxudicación e a súa ponderación preestablecidos na cláusula 21.2 do PCA.
- Dentro do prazo de presentación de ofertas, presentaron oferta as dúas compañías aseguradoras adxudicatarias do Lote 8 do acordo marco de seguros da Femp: **AIG EUROPE INSURANCE SE SUCURSAL EN ESPAÑA** e **MARKEL INSURANCE SE SUCURSAL EN ESPAÑA**, co seguinte teor:

Licitador	Prima Total	Eliminación de exclusións	Aumento límite de cúmulo	Inclusión coberturas complementarias	Inclusión coberturas complementarias
AIG	13.116,89	Non	9 millóns (total 14 millóns)	Si (todas)	Si (180 €)
MARKEL	16.855,78	Non	5 millóns (total 10 millóns)	Si (todas)	Si (180 €)

- Consta informe de valoración de oferta do mediador de seguros do Concello de Cambre, de data 5 de febreiro de 2024, coo seguinte resultado:

PUNTOS	AIG	MARKEL
OFERTA ECONÓMICA (ATA 75 PUNTOS)	75 Puntos	17,57 Puntos
ELIMINACIÓN DE EXCLUSIÓN S (ATA 7 PUNTOS)	0 Puntos	0 Puntos
AUMENTO LÍMITE DE CÚMULO (ATA 5 PUNTOS)	5 Puntos	2,77 Puntos
INCLUSIÓN COBERTURAS COMPLEMENTARIAS (ATA 8 PUNTOS)	8 Puntos	8 Puntos
REDUCCIÓN PRIMA MÍNIMA DE EMISIÓN (ATA 5 PUNTOS)	5 Puntos	5 Puntos



PUNTOS	AIG	MARKEL
TOTAL	93 Puntos	33,35 Puntos

9. Constan no expediente os certificados de que a licitadora está ao corrente do cumprimento das súas obrigas coa AEAT, Seguridade Social e Concello de Cambre.
10. Consta informe da técnica de xestión de administración xeral, dona Verónica María Otero López, co conforme da secretaria xeral, de data 9 de febreiro de 2024 (CVD: cZ/86AK3jL6yf7ew+gfr), no que se informa favorablemente, previa fiscalización favorable da Intervención municipal, a adxudicación da póliza de seguro colectivo de accidentes para o persoal do Concello de Cambre e membros da Corporación municipal do Concello de Cambre a prol de AIG EUROPE INSURANCE SE SUCURSAL EN ESPAÑA nos termos da oferta que consta no expediente.
11. Consta informe de Intervención referencia LMR 30/2024, de data 16 de febreiro de 2024 (CVD: xp5mZlwc0Z0VW8KT3luA), de fiscalización previa de conformidade.
12. Conforme co establecido no artigo 36.3 da LCSP, o contrato baseado no acordo marco perfecciónase coa notificación da súa adxudicación ao contratista.

A comunicación da adxudicación realizarase mediante a plataforma tecnolóxica da Central de Contratación da FEMP, sen prexuízo de que se notifique e publique a adxudicación conforme co establecido na Disposición adicional décimo quinta da LCSP.

O Concello de Cambre deberá incluír na Plataforma da FEMP toda a información referente á tramitación do contrato baseado

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.** - O procedemento de contratación realizouse conforme co disposto no acordo marco para a contratación de determinados contratos de seguros e os PCA e PPT que rexeron a súa licitación, trala adhesión á Central de Contratación por parte do Concello de Cambre, mediante Resolución de Alcaldía núm. 1950/2018, de data 1 de outubro de 2018, e con contrato baseado de mediación de riscos e seguros tralo acordo de adxudicación adoptado pola Xunta de Goberno con data 2 de marzo de 2022.

**Segundo.** - A execución e resolución deste contrato supedítase ao disposto no acordo marco para a contratación de determinados contratos de seguros, nos PCA e PPT que rexeron a licitación dese acordo marco, así como pola LCSP, polo Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público e, en canto non se opoña, polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (en adiante, o "RXLCAP").

Supletoriamente aplicarase a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (en adiante, a "LPACAP") e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (en adiante, "LRXSP") e demais normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación ao contratos baseado a normativa sectorial vixente en cada momento, e entre outras, a título enunciativo e non exhaustivo as seguintes disposicións:

- Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contrato de seguro.
- Real decreto legislativo 6/2004, do 29 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados.
- A parte que subsiste vixente da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados.
- Real decreto 1060/2015, do 20 de novembro, de ordenación e supervisión das entidades aseguradoras e reaseguradoras, e no non derogado o Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados e demais disposicións de desenvolvemento e de dereito privado de xeral e concordante aplicación.
- Calquera outra disposición que afecte, modifique, desenvolva, derogue ou substitúa á ditas normas.

Teñen carácter contractual os seguintes documentos: o PCA, o PPT, o documento de formalización do acordo marco, o documento de invitación, a oferta presentada pola adxudicataria e o acordo de adxudicación.

En uso das atribucións que me foron delegadas por Resolución da Alcaldía núm. 1171/2023, do 4 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución núm. 1172/2023, do 4 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Adxudicar o contrato baseado para a contratación do seguro de accidentes para o persoal do Concello de Cambre e membros da Corporación Municipal, ao resultar a proposta economicamente máis vantaxosa á empresa AIG EUROPE INSURANCE SE SUCURSAL EN ESPAÑA, adxudicataria do Lote 8 do acordo marco para a contratación de determinados contratos de seguros pola Central de Contratación da FEMP, cunha prima total ofertada de 13.116,89 euros, un límite máximo de indemnización como consecuencia dun único sinistro ofertado de 14.000.000,00 euros, unha redución na prima mínima de emisión de 180 euros, e a inclusión das seguintes coberturas complementarias exclusivamente para o colectivo integrado no cadro de persoal do Concello de Cambre:

No caso de incapacidade permanente absoluta e cun límite de 2.500,00 € por asegurado, cobertura para os gastos de cadeira de rodas, ou similar, adaptada ás necesidades do asegurado. Entendendo como similar calquera instrumento que o asegurado necesite para o desenvolvemento da súa vida cotiá, tales como unha bañeira ou unha cama adaptada ás súas necesidades

No caso de grande invalidez, cobertura dos gastos de adaptación da vivenda habitual ata un máximo de 12.000,00 €

No caso de incapacidade permanente absoluta e cun límite de 2.500,00 € por asegurado, cubrir os gastos de adaptación do vehículo ou similar

Garantía dobre efecto: Capital adicional de 12.000,00 € en caso de falecemento do asegurado e do seu cónxuxe, a consecuencia dun mesmo accidente, sempre e cando houbese fillos menores de 18 anos ao seu cargo no momento do falecemento

**Segundo:** Comunicar este acordo á adxudicataria e á outra licitadora a través da Plataforma informática da Central de Contratación, publicar o acordo no Perfil do contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público e notificar conforme co establecido na LCSP.

**Terceiro:** O contrato baseado despregará efectos desde a notificación do presente acordo, conforme co establecido no artigo 36.3 da LCSP.

**Cuarto:** Notificar á xefa da Unidade de Réxime Interior, como responsable do contrato, e ao mediador de seguros do Concello de Cambre.



O presente acordo pode ser impugnado mediante recurso potestativo de reposición, o bien directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade con lo dispuesto en la Ley 29/1998, de 13 de julio, Reguladora de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior de data 19 de febreiro de 2024 (CVD: 0LO96l6jvSkwa1p0StNr), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

## **5.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formula ningún/ningunha.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e cinco minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

O presidente

Óscar Alfonso Garcia Patiño

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo